

Importante ler o documento enteiro:

Ola rapaces e rapazas!! Os meus numerosos.

Esta semana, do 1 ao 5 de maio, levades as tarefas separadas por áreas. Lede ben os consellos ou a teoría que está antes dos exercicios. Mandádeme Whatsapp ou chamádeme para calquera dúbida, contestareivos ou chamareivos en canto poida ou vexa as vosas mensaxes.

Contido dos arquivos:

- **Lingua Castelá**
 - Ficha lectura "Paco y Ana van al circo". Ler un par de veces e contestar as preguntas. Coidade a presentación.
 - Unha ficha dos demostrativos.
 - Ficha do posesivo.
 - Ficha dos numerais e indefinidos.
 - Ficha de vocabulario sobre o comercio.
- **Lingua Galega**
 - Lectura: Comprender unhas instrucións.
 - Ficha do adxectivo, graos.
 - Ficha de palabras homófonas.
 - Ficha de palabras palabras parónimas
- **Matemáticas:**
 - Ficha de operacións combinadas
 - Ficha de divisións
 - Unidades de medida (litro, decilitro, centilitro)
 - Unidades de medida (Kilogramo e gramo)
 - Ficha de problemas
 - Debuxo misterioso
- **Ciencias Sociais**
 - Fichas de elementos da paisaxe.

- Ciencias Naturais

- Fichas de invertebrados
- Ficha de grupos de insectos.
- Fichas de animais e persoas.

***Importante: TEDES QUE ENVIAR UN CONSELLO PARA REDUCIR O CONSUMO DE PLÁSTICO ACOMPAÑADO DUN DEBUXO. Ten que ser un folio completo. É moi importante. Non mo enviáchedes todos!!**

- Plástica:

- Ficha para aprender a facer debuxos con pasos sinxelos
- As imaxes abstractas outra forma de debuxar e pintar.
- Colorear a noite e o día.

Outras cousas:

Lembrede ir as direccións dos especialistas e facer as súas tarefas:

- Actividades de Inglés xa que hai un arquivo de actividades para 4º (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/node/1061>)
- Actividades de Música no enlace: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/taxonomy/term/18>
- Actividades de Educación Física: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/taxonomy/term/19>
- Actividades propostas por M^a Jesús. Lembrede que sempre propón algo interesante que pode valer para calquera. Non deixedes de mirar as súas propostas.

Tedes unha selección de contos. Sería unha idea estupenda e a valorar que escollerades algún personaxe dalgún conto e describilo, tamén hai de apoio un vídeo explicativo das descricións das persoas... Outra posibilidade é describir a algún familiar ou amigo e que adiviñen na casa de quen falades. Enviádemas a min tamén.

Hai un xogo de ditado moi interesante para mellorar a vosa ortografía e de lecturas comprensivas interactivas. Ideais para 4º!!

Hai xogos de cálculo (Escondite matemático) que aínda que son para cursos máis baixos valen para afianzar o que sabemos.

Tamén no apartado 4 da aplicación LEA podedes traballar a velocidade lectora ademais de poder probar a traballar outras cousas moi interesantes

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/node/1057>

- **Actividades de Relixión:**

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/taxonomy/term/94>

Xa sei que tedes poucas gañas de traballar, semella que estamos de vacacións, pero debedes de facelo e enviarme os traballos aínda a risco de facelo mal. É moi importante non perder a base para o vindeiro ano. Non deixedes de estudar.

MANDADE OS TRABALLOS PODEN SUBIR AS VOSAS NOTAS!!

Unha aperta e moito ánimo meus numerosos!!